



## **COMUNICADO DE PRENSA**

**Asunto:** Desbloqueo e ampliación do CUOU.

A Plataforma pola Defensa e Mellora da Sanidade Pública de Ourense ante o anuncio do goberno da Xunta de licitar a execución do proxecto básico para rematar o Plan Director do CHUOU e **ante o, que consideramos a continuidade ,do que ten sido unha “ceremonia de confusión”** queremos achegarlle a cidadanía de Ourense o seguinte:

1-O que se pon en marcha é a “licitación do proxecto básico”. Proxecto xa feito cando o Sr. Feijoo chegou a Xunta vai 3 anos. **En tempos de “austeridade” licítase un novo proxecto sobre un proxecto xa feito. Polo tanto estamos na fase de “proxecto”. Nada de comenazar obras.**

2-Resulta curioso que se produza este desbloqueo estando no último ano da lexislatura e cando parece que vai haber un adiamento electoral para o Outono. **¿serán de novo os intereses electorais os que fagan mover ficha?**

3-Ourense leva reclamando unhas infraestructuras dignas. Nunca pedimos trato de favor pero constatamos que unha obra que podería estar xa inaugurada, aínda se vai licitar o proxecto para finais deste mes. **¿para cando terá Ourense un hospital digno?**. Gustaríanos estar equivocados pero resulta fácil “profetizar”, que non vai ser menos ( indo todo sen contratempos) do 2016 ou 2017. **¿É isto un bó trato para os pacientes e profesionais sanitarios desta provincia?**, A marxinación e a desigualdade con Ourense poñense claramente de manifesto.

4-Crease o que chamamos “ceremonia de confusión” cos temas de Innova-Auria e Hospital 2050. Dous proxectos vinculados as novas tecnoloxías sanitarias e aínda pendentes de ser aprobado o seu financiamento pola UE. **Un total de 90 millóns de euros dos cales a Xunta terá que financiar o 30% e que non son para construción hospitalaria.** Cando o hospital estea rematado, as habitacións, laboratorios, quirofanos, consultas, etc poderán equiparse con material subvencionado polos fondos europeos. **Eses 90 millóns son claramente insuficientes para rematar o Plan Director do CHUOU ou ¿pensan dotar a Ourense dunha infraestructura de menor tamaño da proxectada no 2008?**

5-Cando a Plataforma de Ourense empezou a denunciar a situación sanitaria na provincia, mantivemos unha entrevista cos responsables de sanidade do PP tanto de Galicia como de Ourense e por boca do seu actual portavoz Sr. Santalices manifestouse que o Hospital de Ourense “non quedaba máis remedio que financiarlo polo modelo PFI (finaciamento privado)” pois a Xunta non dispuña de recursos propios. **¿De onde proceden agora os recursos se os fondos europeos, aínda sen aprobar, son fundamentalmente para a tecnoloxía e equipamento?**

6-A esta Plataforma preocupanlle as infraestructuras sanitarias para Ourense pero hoxendía e despois dos decretos, decretazos e recortes acontecidos nos últimos 6 meses tanto nos dereitos básicos as prestacións sanitarias da poboación como nos recortes laborais dos profesionais preocupanos moitísimo máis isto último pois de pouco vai servir un hospital punteiro se os usuarios para ser atendidos **van ter que sufrir o REPAGO, van ter que costear parte dos procesos e estancias, van ter que pagar as ambulancias que os traladen, van ter que abonar as proteses, os desempregados estarán fora do sistema de saúde, os inmigrantes sen papeis ao amparo das ONGs etc.** **¿De que nos vale Sr. Feijoo un Hospital 2050 no que haberá dúas portas de entrada unha para ricos e outra para o resto da poboación?**

**-Convidamos a toda a cidadanía de Ourense a acompañar a esta Plataforma no acto que terá lugar en ExpoOurense o próximo martes día 15 de Maio as 17.30 horas na que o Sr. Feijoo publicitará o proxecto do Hospital de Ourense e no que tentaremos facerlle entrega dun manifesto co que consideramos son as necesidades máis urxentes en materia sanitaria desta provincia.**

**Ourense 12 de Maio do 2012.-**